

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de xuño de 2009**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(890) ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de xuño e das sesións extraordinarias e urxente do 12 de xuño de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(891) NORMAS PARA A MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DA DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL NO CURSO 2009-2010. EXPTE. 3161/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación sociocultural, do 17.06.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional no curso 2009-2010, que de seguido se transcriben.

2.- Facultar ao concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza. e Percusión Tradicional

#### OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2009-2010

*A Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional impartirá ensinanzas de danza e percusión tradicional galega, dirixida á cidadanía sen limitación de idade.*

##### 1.- ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO"

*Está dirixido aos alumnos de catro a sete anos. O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e organizarase en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles.*

□ 4-6 ANOS .

##### NIVEL DE "INICIACIÓN".

*NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 12 alumnos/grupo.*

*NÚMERO DE GRUPOS NO NIVEL.- 4 grupos.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 48 alumnos.*

*HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.*

*Grupo 1.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.*

*Grupo 2.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.*

*Grupo 3.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.*

□ 6-7 ANOS .

##### NIVEL DE "FORMACIÓN BÁSICA".

*NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 15 alumnos/grupo.*

*NÚMERO DE GRUPOS POR NIVEL.- 4 grupos, como máximo.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.*

*HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.*

*Grupo 1.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.*

*Grupo 2.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.*

## 2.- ÁMBITO FORMATIVO DE "DANZA"

*Ensinanzas dirixidas a alumnos que teñan, como mínimo, 8 anos de idade. Para estas ensinanzas non se establece límite máximo de idade.*

*O agrupamento do alumnado farase en función das idades correspondentes ós ciclos do ensino obrigatorio (8-9,10-11,12-13,14-15 anos); para cada ciclo determínanse dous cursos.*

*A partir dos 16 anos o agrupamento do alumnado queda a criterio da dirección da Escola Municipal de Danza.*

### □ 8-16 ANOS.

#### NIVEIS "DANZA PARA ESCOLARES".

*NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.*

*NIVEIS.- a) 8-9 anos; b) 10-11 anos; c) 12-13 anos; d) 14-15 anos.*

*NÚMERO DE GRUPOS.- 10 grupos.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 200 alumnos.*

*HORARIO.- Dous sesións semanais de 60 minutos para cada grupo.*

*Grupo 1 (8-9 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.*

*Grupo 1 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.*

*Grupo 2 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.*

*Grupo 1 (12-13 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.*

*Grupo 1 (14-15 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.*

### □ MÁIS DE 16 ANOS, SEN LÍMITE DE IDADE.

#### NIVEIS DE "DANZA XUVENIL E DE ADULTOS".

*CURSOS.- Cada nivel desenvolverá o 1º curso e o 2º curso. Cada curso poderá incluír só alumnos da mesma idade ou ben alumnos de distinta idade.*

*NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.*

*NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos no nivel de "Danza xuvenil e de adultos".*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 60 alumnos.*

*HORARIO.- Dous sesións semanais de unha hora cada unha.*

*Grupo 1.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.*

*Grupo 2.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.*

*Grupo 3.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.*

Grupo 4.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

Grupo 5.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.

### 3.- ÁMBITO FORMATIVO “ENSINANZAS DE PERCUSIÓN TRADICIONAL”

3.1.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (máis de 16 anos).

NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 45 alumnos.

HORARIO.- Unha sesión semanal de unha hora cada unha.

Grupo 1A.- XOVES DE 18,00 A 19,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1B.- XOVES DE 20,00 A 21,00 horas. INICIACIÓN.

Grupo 1C.- XOVES DE 21,00 A 22 horas. PERFECCIONAMENTO.

3.2.- Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega (de 8 a 15 anos)

NÚMERO DE GRUPOS.- 2 grupos.

NÚMERO DE ALUMNOS.- 30 alumnos.

HORARIO.- Dúas sesións semanais de media hora cada unha.

Grupo 2A.- luns e mércores de 18,30 a 19,00 horas.

Grupo 2B.- Martes e xoves de 18,30 a 19,00 horas.

### 4.- GRUPOS DE AMPLIACIÓN

Hai unha reserva de dous grupos para ampliar no nivel que se precise en función da demanda. O número de alumnos: 40 como máximo. Horario: pendente determinar.

### SECCIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL

#### 9 MÓDULOS

- ❑ Iniciación (4-5 anos): 3 grupos (máximo 15 alumnos c/u): 36 alumnos.
- ❑ Formación básica (5-6 anos): 3 grupos: 45 alumnos.
- ❑ “Danza para escolares” (8 a 15 anos): 3 grupos (máximo de 20 alumnos c/u), 60 alumnos.

### LUGARES DE ENSINANZAS

As seccións do curso 08-09 foron: CEIP DOBLADA, CEIP BALAIOS, CEIP CARRASQUEIRA, CEIP CHANS.

Neste curso 2009-2010, mantéñense nun principio as mesmas seccións.

## 5. ATENCIÓN AO PÚBLICO E ALUMNOS.

O persoal da EMD e PT promocionará o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación.

### NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2009 - 2010

#### 1. REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMD e PT

a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMDPT estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante VOLANTE DE EMPADROAMENTO, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.

b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMD e PT nas DEPENDENCIAS CENTRAIS (na Casa do Concello-praza do Rei, s/n) ou nas SECCIÓNS. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.

c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.

#### 2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRICIÓN NA EMD e PT

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 14 ao 30 de setembro de 2009.

#### 3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA EMD e PT

Os criterios para a admisión do alumnado da EMD e PT serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente.

As prazas da EMD son limitadas.

#### 4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula do día 5 ao 9 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

### 5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 7 ANOS:	20.-€ curso completo (1,30 h semanal)
RESTANTES CURSOS DE DANZA:	26.-€ curso completo (2 h semanais)
PERCUSIÓN:	14.-€ curso completo (1 h semanal)

### 6. CALENDARIO DO CURSO NA EMDePT

O curso iniciárase o día 13 de outubro de 2009 e rematará o 18 de xuño de 2010; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.

O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

### 7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17 h e as 22,00 h de luns a venres.

Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.

A oferta total da Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional é de 33 grupos / 569 prazas para varios niveis de formación (inicialmente, 24 para a Escola Central e 9 para as seccións).

A dirección da escola, en función da demanda, proporá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

### 8. ATENCIÓN AO PÚBLICO E ALUMNOS.

O persoal da EMDePT promocionará o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación.

**3(892) PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE. 2/2603.**  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, do 17.06.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Benito Vales Vales. Expte. 2603/02.

**4(893) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO MUNICIPAL. EXPTE. 4861/307.**

En relación co asunto de referencia, faise constar a existencia do escrito dirixido á Xunta de Goberno local, de data 26.06.09, emitido polo xefe da Oficina Administrativa de Contratación, que di o seguinte:

*Na relación de asuntos remitidos á Xunta de Goberno Local enviada a Secretaría Xeral o 23.06.09 produciuse un erro na descrición do asunto do expediente 4861-301. Nesta figuraba como o obxecto do expediente o Prego de condicións para a contratación da asistencia para a divulgación do patrimonio arqueolóxico municipal, cando o nome correcto é Prego de condicións para a contratación do Servizo de coordinación e supervisión das obras no casco vello contratadas con cargo ó FEIL.*

Á vista dos erros cometidos no expediente Xunta de Goberno local deixa o asunto pendente.

**5(894) RENOVACIÓN DE DIVERSAS MARCAS DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. EXPTE. 2720/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 18.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*A empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. ten encomendada a xestión da obtención de títulos de propiedade de diversas marcas deste Concello de Vigo, así como a vixiancia dos correspondentes expedientes. Por iso, e toda vez que se cumpre o prazo de dez anos para o que foron concedidos os rexistros, remite escritos nos que lembran o próximo vencemento das seguintes marcas:*

*Nº 2.267.832 “Museo de Arte Contemporáneo de Vigo – Museo de Arte Contemporanea de Vigo”, en clase 41*

*Nº 2.271.710 “Marco”, en clase 41*

*Nº 2.272.599 “Marcovigo”, en clase 41*

*Nº 2.272.598 “Marcogalicia”, en clase 41*

*O Xerente da Fundación MARCO, con data 25 de maio de 2009, remite escrito informando sobre a necesidade de renovar ditas marcas agás “Marcogalicia”. O custe, polo tanto, para a xestión das que interesa renovar é de 2.505,6 euros, Ive incluído. Este importe comprende a solicitude de renovación e maila retirada do título de renovación.*

*Polo exposto, e se o estima a Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*“Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución de renova-las seguintes marcas:*

*Nº 2.267.832 “Museo de Arte Contemporáneo de Vigo – Museo de Arte Contemporanea de Vigo”, en clase 41*

*Nº 2.271.710 “Marco”, en clase 41*

*Nº 2.272.599 “Marcovigo”, en clase 41”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(895) PROPOSTA DE NON RENOVACIÓN DA MARCA “MARCO” E GRÁFICO, EN CLASE 41. EXPTE. 2753/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*A empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. ten encomendada a xestión da obtención de títulos de propiedade de diversas marcas deste Concello de Vigo, así como a vixancia dos correspondentes expedientes. Por iso, e toda vez que se cumpre o prazo de dez anos para o que foi concedido o rexistro, remite escrito no que lembran o próximo vencemento da marca nº 2.278.366 “Marco” e gráfico, en clase 41.*

*O Xerente da Fundación MARCO, con data 10 de xuño de 2009, remite escrito aconsellando a non renovación do distintivo por non empregarse na actualidade.*

*Polo exposto, e se o estima a Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*“Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución de non renova-la marca nº 2.278.366 “Marco” e gráfico, en clase 41, por non ser empregada na actualidade.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(896) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO “SIMMA. ABORDAXE E TRATAMENTO INTEGRAL DO SÍNDROME DA MULLER MALTRATADA”. EXPTE. 3978/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 18.06.09, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Resolución do 5 de xuño de 2009 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se convocan axudas e subvencións dirixidas a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para o proxecto “SIMMA . Abordaxe e tratamento integral do síndrome da muller maltratada”, por un importe de 20.000,00 €, contía máxima establecida na convocatoria.

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.



**8(897) PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á AGRUPACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA. EXPTE. 76412/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 11.06.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Agrupación da Comisión de Festas da Localidade de Vigo a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das Festas da Consolación de Coia nos xardíns de Coia , os vindeiros días 03, 04, 05 ,06, e 07 de xullo de 2009 no recinto sinalado no plano que se achega debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Terán que presentar un aval por valor de 6000 € (o cal achegan) para responder dos posíbeis danos que se poidan ocasionar.
- Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.
- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns
- Deberán usar o logotipo das Concellerías de Limpeza e Parques e Xardíns en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia as festas
- Horario máximo autorizado: 3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Límite transmisión ruidos : non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con indepen-

denza de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

**9(898) DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CASA DE ANDALUCÍA EN VIGO CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA XXI FEIRA DE ABRIL. EXPTE. 76402/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 10.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 23 de abril de 2009 , pola Casa de Andalucía en Vigo, co NIF G: 36621290 , por un importe de 1000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da XXI FEIRA DE ABRIL.

**10(899) GASTOS DE LOCOMOCIÓN - MAIO 2009. EXPTE. 19109/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.06.09, e de acordo co informe-porposta da técnica de Xestión, do 16.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.057,89 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Vías e Obras; O.S.P.I.O; Conserxería; Montes, Parques e Xardíns; Prevención de Riscos; Igualdade; Museos; Desenvolvemento Local e Emprego; Sanidade; Contratación; Parque Móbil; Benestar Social e Mobilidade, Transporte e Seguridade febreiro, marzo e abril de 2009 correspondente os meses de xaneiro a maio de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
5110	OSPIO-Vias e Obras	3.626,79
1210	Conserxería	522,88
4326	Montes, Parques e Xardíns	154,28
1211	Prevención de Riscos	117,99
4632	Igualdade	136,43
4513	Museos	38,76
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	123,12
4121	Sanidade	234,08
1216	Contratación	224,58
1212	Parque Móbil	198,73
3130	Benestar Social	21,90

2220	Mobilidade, Transporte e Seguridade	658,35
TOTAL		6.057,89

**11(900) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DE D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2009. EXPTE. 19114/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 18.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a don Antonio Amoedo García a cantidade que figura na relación que se achega por importe total de 63'35 € (SESENTA E TRES EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS), correspondente ao mes de ABRIL de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**12(901) SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA Dª MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS. EXPTE. 19091/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a , Dª Margarita Núñez Cuiñas, NIF 36.022088-V e núm. persoal 19287, Delineante adscrita á Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre 04 de agosto e o 03 de setembro de 2009, ámbolos dous incluídos, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

**13(902) RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 DE MAIO DE 2009, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA CONTÍA DE PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA Dª ANA MARÍA SOTO SOBRADO. EXPTE. 1770/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.06.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 4.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 22 de maio de 2009 acordou o recoñecemento á administrativa de admón xeral D Ana M<sup>o</sup>Soto Sobrado, dunha produtividade por importe de 968.80 €, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.*

*No devandito expediente detectouse un erro no importe mensual do complemento de destino do posto de xefe de negociado de información, debendo figurar a cantidade de 461.95 € en vez de 523.51 €.*

*En base no recollido no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, proponse a Xunta de Goberno Local, a rectificación do seu acordo de data 22 de maio de 2009, no seguinte senso:*

*“O recoñecemento á administrativa de admón. Xeral, D<sup>a</sup> Ana Maria Soto Sobrado, un complemento de produtividade por importe de 624,39€ euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.*

*Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(903) RECURSO DE REPOSICIÓN DE D<sup>a</sup> OLGA LORENZO BUGARÍN EN RELACIÓN CON PROBAS SELECTIVAS DE LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 19113/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal de doce operarios/as-peóns, do 11.06.09, conformado polo presidente da Comisión, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*–Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao Réxime dos Municipios de Grande Poboación.*

*–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*–Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*–Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

*1º.- Por acordo de data 14 de maio de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou a contratación laboral temporal por acumulación de tarefas de, entre outros, doce postos de operarios/as-peóns para reforzar os traballos de limpeza e coidado dos areas da cidade e os seus accesos, así como as Bases para a súa selección, e a orde de constitución dunha Comisión de Valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación.*

*2º.- Os aspirantes admitidos foron convocados para a realización dunha proba tipo test, que tivo lugar o día 4 de xuño de 2009, ás 17,00 horas, no Verbum-Casa das Palabras, sito na Avda. de Samil nº 17, composta de 25 preguntas, con catro respostas alternativas, das que unha soa delas é correcta, con tres preguntas reserva por se algunha delas era impugnada, segundo o acordado pola Comisión de Valoración na sesión celebrada o día 3 de xuño de 2009.*

*3º.- Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 10 de xuño do ano que andamos, interpoñese por D<sup>a</sup> Olga Lorenzo Bugarín recurso de reposición no que impugna o exercicio realizado por non axustarse ás Bases da Convocatoria e incumprimento da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*1º.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.*

*2º.- A interesada no recurso, cunha redacción enrevesada, parece que basea a súa impugnación sobre o contido dalgunha das preguntas, que non determina, alegando que se vulneran os fundamentos de igualdade, mérito e capacidade, así como o de transparencia, que sinala o artigo 1.3 letras b) e h) da Lei 7/2007.*

*En relación a esta alegación, a reclamante non aporta ningunha proba do incumprimento dos devanditos fundamentos por parte da Comisión de Valoración. A proba foi a mesma para todos os aspirantes, sendo así que entre o exame tipo A e o exame tipo B non existe diferenza nas preguntas, senon cambio de orde das mesmas, así como na orde das respostas. En resumen, carece da mínima fundamentación xurídica que se incurra en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.*

*Inda máis, o artigo 8 do Real Decreto 896/1991, sinala que os exercicios teóricos contendrán materias comúns e específicas, e que as primeiras constituirán, alomenos, unha quinta parte do contido e*

versarán necesariamente sobre a Constitución Española, Organización do Estado, Estatuto de Autonomía, Réxime Local, etc.

3º.- *Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“UNICO: Desestimar o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup> Olga Lorenzo Bugarín, contra a resolución da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de doce operarios/as-peóns, adoptada na súa sesión de 3 de xuño de 2009, ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(904) RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> RITA SUÁREZ GUIMARAES EN RELACIÓN COAS PROBAS SELECTIVAS PARA OPTAR A UNHA PRAZA DE OPERARIO-PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 19112/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal de doce operarios/as-peóns, do 11.06.09, conformado polo presidente da Comisión, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*–Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao Réxime dos Municipios de Grande Poboación.*

*–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*–Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*–Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.*

#### *ANTECEDENTES DE FEITO:*

*1º.- Por acordo de data 14 de maio de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou a contratación laboral temporal por acumulación de tarefas de, entre outros, doce postos de operarios/as-peóns para reforzar os traballos de limpeza e coidado dos areas da cidade e os seus accesos, así como as Bases para a súa selección, e a orde de constitución dunha Comisión de Valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación.*

2º.- Os aspirantes admitidos foron convocados para a realización dunha proba tipo test, que tivo lugar o día 4 de xuño de 2009, ás 17,00 horas, no Verbum-Casa das Palabras, sito na Avda. de Samil nº 17, composta de 25 preguntas, con catro respostas alternativas, das que unha soa delas é correcta, con tres preguntas reserva por se algunha delas era impugnada, segundo o acordado pola Comisión de Valoración na sesión celebrada o día 3 de xuño de 2009.

3º.- Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 8 de xuño do ano que andamos, interpoñese por Dª María Rita Suárez Guimaráes recurso de reposición no que impugna o exercicio realizado por non axustarse ás Bases da Convocatoria e incumprimento da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

2º.- A interesada no recurso, cunha redacción enrevesada, parece que basea a súa impugnación sobre o contido dalgunha das preguntas, que non determina, alegando que se vulneran os fundamentos de igualdade, mérito e capacidade, así como o de transparencia, que sinala o artigo 1.3 letras b) e h) da Lei 7/2007.

En relación a esta alegación, a reclamante non aporta ningunha proba do incumprimento dos devanditos fundamentos por parte da Comisión de Valoración. A proba foi a mesma para todos os aspirantes, sendo así que entre o exame tipo A e o exame tipo B non existe diferenza nas preguntas, senon cambio de orde das mesmas, así como na orde das respostas. En resumen, carece da mínima fundamentación xurídica que se incurra en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Inda máis, o artigo 8 do Real Decreto 896/1991, sinala que os exercicios teóricos contendrán materias comúns e específicas, e que as primeiras constituirán, alomenos, unha quinta parte do contido e versarán necesariamente sobre a Constitución Española, Organización do Estado, Estatuto de Autonomía, Réxime Local, etc.

3º.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO: Desestimar o recurso de reposición interposto por Dª María Rita Suárez Guimaráes, contra a resolución da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de doce operarios/as-peóns, adoptada na súa sesión de 3 de xuño de 2009, ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(905) RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ LEONARDO COLLAZO CABALEIRO, EN RELACIÓN COAS PROBAS SELECTIVAS PARA OPTAR A UNHA PRAZA DE OPERARIO-PEÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 19111/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal de doce operarios/as-peóns, do 11.06.09, conformado polo presidente da Comisión, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

*–Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao Réxime dos Municipios de Grande Poboación.*

*–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*–Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*–Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*1º.- Por acordo de data 14 de maio de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou a contratación laboral temporal por acumulación de tarefas de, entre outros, doce postos de operarios/as-peóns para reforzar os traballos de limpeza e coidado dos areais da cidade e os seus accesos, así como as Bases para a súa selección, e a orde de constitución dunha Comisión de Valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación.*

*2º.- Os aspirantes admitidos foron convocados para a realización dunha proba tipo test, que tivo lugar o día 4 de xuño de 2009, ás 17,00 horas, no Verbum-Casa das Palabras, sito na Avda. de Samil nº 17, composta de 25 preguntas, con catro respostas alternativas, das que unha soa delas é correcta, con tres preguntas reserva por se algunha delas era impugnada, segundo o acordado pola Comisión de Valoración na sesión celebrada o día 3 de xuño de 2009.*

*3º.- Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 8 de xuño do ano que andamos, interpoñese por D. José Leonardo Collazo Cabaleiro recurso de reposición no que impugna o exercicio realizado por non axustarse ás Bases da Convocatoria e incumprimento da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*



1º.- *Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto faise no tempo e na forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.*

2º.- *O interesado no recurso, cunha redacción enrevesada, parece que basea a súa impugnación sobre o contido dalgunha das preguntas, que non determina, alegando que se vulneran os fundamentos de igualdade, mérito e capacidade, así como o de transparencia, que sinala o artigo 1.3 letras b) e h) da Lei 7/2007.*

*En relación a esta alegación, o reclamante non aporta ningunha proba do incumprimento dos devanditos fundamentos por parte da Comisión de Valoración. A proba foi a mesma para todos os aspirantes, sendo así que entre o exame tipo A e o exame tipo B non existe diferenza nas preguntas, senon cambio de orde das mesmas, así como na orde das respostas. En resumen, carece da mínima fundamentación xurídica que se incurra en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.*

*Inda máis, o artigo 8 do Real Decreto 896/1991, sinala que os exercicios teóricos contendrán materias comúns e específicas, e que as primeiras constituirán, alomenos, unha quinta parte do contido e versarán necesariamente sobre a Constitución Española, Organización do Estado, Estatuto de Autonomía, Réxime Local, etc.*

3º.- *Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“UNICO: Desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Leonardo Collazo Cabaleiro, contra a resolución da Comisión de Valoración encargada de xulga-lo proceso selectivo para a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de doce operarios/as-peóns, adoptada na súa sesión de 3 de xuño de 2009, ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(906) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA NO VINDEIRO MES DE AGOSTO E NOVA AUTORIZACIÓN A PARTIR DO MES DE SETEMBRO DE 2009, DA FUNCIONARIA D<sup>a</sup> ANA KOWALSKI BIANCHI. EXPTE. 19100/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.06.09, que di o seguinte:

*Con data 05 de xuño de 2009, recíbese na Unidade de Persoal solicitude (doc. núm. 90084425) de D<sup>a</sup> Ana Kowalski Bianchi, nº persoal 78120, asesora xurídica do CMIDM (Concellalía de Igualdade), no que solicita a anulación da redución de xornada dunha hora ao comezo da xornada laboral, outorgada por resolución do concelleiro-delegado de xestión municipal de data 23 de setembro de*

2008, de conformidade co previsto no art. 48.1 h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e nova redución dunha hora a partires do mes de setembro de 2009.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola xefa do Servizo de Igualdade.

Así mesmo, solicita a anulación da redución de xornada que tiña autorizada por resolución de 23 de setembro pasado de 2008.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, no uso das competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre a delegación de competencias en materia de persoal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Deixar sen efecto durante o vindeiro mes de agosto a resolución de 23 de setembro de 2008, de redución de xornada dunha hora, autorizada a D<sup>a</sup> Ana Kowalski Bianchi, n<sup>o</sup> persoal 78120, asesora xurídica do CMIDM (Concellalía de Igualdade).

Segundo.- Autoriza-la redución de xornada nunha hora ó inicio da xornada laboral, quedando establecida de 8,45 a 15,00 horas a partir do vindeiro día 1 de setembro do 2009, coa correspondente reducións de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.”

Con data 16.06.09 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **18(907) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN SOTO FERNÁNDEZ. EXPTE. 19098/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 16.06.09, que di o seguinte:

Vista a solicitude de D<sup>a</sup> María del Carmen Soto Fernández de data 12 de xuño de 2009 (doc. núm. 90087656), auxiliar administrativa con núm. persoal 23484, adscrita ao Servizo do IBI (Administración de Tributos), de deixar sen efecto a redución de xornada, autorizada por resolución de data 12 de setembro de 2008, con efectos a partir do vindeiro 1 de xullo,

*No uso das competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre a delegación de competencias en materia de persoal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

## **R E S O L V O**

*Deixar sen efecto a partir do día 1 de xullo de 2009, a redución de xornada solicitada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Soto Fernández, núm. persoal 23484, auxiliar administrativa adscrita ao Servizo do IBI (Administración de Tributos), debendo percibir a partir do dito día as súas retribucións íntegras.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **19(908) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2009. EXPTE. 19077/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 11.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de MAIO-09, e que ascenden a un total de 1.103'52 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

### **20(909) PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DE D. AMANDO DIZ OCAMPO. EXPTE. 19070/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.06.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 26 de maio de 2009, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, doc. 90078526, presentado por D. Amando Diz Ocampo, con DNI 35528991-V, no que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo para poder completa-los 35 anos de cotización á Seguridade Social.

Tras a entrada en vigor o 13 de maio do 2007 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a nova configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da nova norma establece que “a xubilación forzosa declararase **de oficio** ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade. A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 anos de idade.

Recentemente, o Ministerio de Administracións Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

Polo Sr. Diz Ocampo, solicítase con dous meses de antelación, xa que cumprirá a idade de xubilación forzosa (65 anos) o vindeiro 25 de xullo do presente ano, aportando copia de vida laboral donde consta unha cotización de 30 anos.

Asímesmo, pola Xefatura da Área de Réxime Interior, con data 9 de xuño de 2009, emítese informe en relación con dita petición no que se manifesta que dende 11 de xuño de 1991, data de alta nesta Administración, non causou baixas prolongadas por incapacidade temporal nos derradeiros anos, así como que se observa un bo rendemento no seu traballo, adecuado ás funcións e con total dedicación, sen faltas de asistencia nin de puntualidade, polo que sendo o Servizo de Conserxería un dos que ben soportando sobrecarga de traballo, dita prórroga redundaría positivamente no funcionamento do servizo público, ao poder seguir contando esta administración cun empregado municipal con experiencia e responsable no desempeño das súas funcións.

Por isto no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente,

*efectuada en decreto de 5 de xullo de 2007, e co previsto no art. 127.1.h), de atribucións da Xunta de Goberno Local, propoño á dito órgano a adopción do seguinte acordo:*

*Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que “as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública” (apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do novo réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- atearanse asimismo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2).*

*O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que a propia Lei 7/2007, do 12 de abril, deroga expresamente na Disposi-*

*ción Derogatoria Única, apartado b) da mesma, pero que resulta aplicable consonte á Disposición Final Cuarta da citada Lei 7/2007).*

*III.- A título exemplificativo, debe citarse un suposto concreto especialmente ilustrativo, contido no Dictame 391/2007 emitido polo Consejo Consultivo de Canarias (Sección 1ª) e que se reproduce polo interese da xurisprudencia nel invocada, e extracto do cal literalmente contempla que:*

*“...Debe precisarse que recientemente este Consejo dictaminó (DCC 214/2006, de 10 de julio), asunto parecido al que ahora se conoce.*

*Se trató entonces de la revisión del abono en nómina de un funcionario del “complemento de destino correspondiente a su grado personal incrementado en la cantidad necesaria para igualarlo al complemento de destino que la Ley de Presupuestos de la Comunidad Autónoma fije anualmente para los Directores Generales de la Administración de la Comunidad Autónoma de Canarias, así como las cantidades devengadas y no pagadas con sus intereses legales”; revisión que entonces, como ahora, se fundaba en la causa del art. 62.1.f) LRJAP-PAC, por cuanto se entendía que el interesado había adquirido derechos careciendo de los requisitos esenciales para su adquisición.*

*La cita de lo que entonces dijera el Consejo es más que pertinente. Dijo entonces este Consejo que:*

*“El art. 33.2 de la Ley 31/1990, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 1991, precepto sobre el que se desarrolla el debate en este asunto (...) dispone: los funcionarios de carrera que, durante más de dos años continuados o tres con interrupción, desempeñen o hayan desempeñado a partir del 5 de julio de 1977, puestos en la Administración del Estado o de la Seguridad Social, comprendidos en el ámbito de aplicación de la Ley 25/1983, de 26 de diciembre, sobre Incompatibilidades de Altos Cargos, exceptuados los puestos de Gabinete con categoría inferior a Director General, percibirán desde su reincorporación al servicio activo y mientras se mantengan en esta situación, el complemento de destino correspondiente a su grado personal, incrementado en la cantidad necesaria para igualarlo al valor del complemento de destino que la Ley de Presupuestos del Estado fije anualmente para los Directores Generales de la Administración del Estado”.*

*Este precepto ha sido interpretado por el Tribunal Supremo en las Sentencias de 24 de septiembre de 1994 y 24 de noviembre de 1997. Y, como mantiene la Administración, un atento examen de dichas Sentencias pone de relieve, en primer término, que sostienen que el citado artículo es de aplicación, exclusivamente, a los funcionarios de carrera de la Administración General del Estado. En palabras del Alto Tribunal, en su Sentencia de 24 de septiembre de 1994:*

*“La aplicación del art. 33 al ámbito autonómico no resulta de un examen sistemático de la norma. A diferencia del art. 18 de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para 1991, que se refiere específicamente en su apartado 2.b) a las Administraciones de las Comunidades Autónomas, y que engloba a todo el sector público –y no sólo al sector público estatal–, los demás preceptos sobre el régimen retributivo del personal activo contenidos en dicha Ley atañen sólo a los funcionarios del Estado, sus Organismos Autónomos y demás Entes públicos integrados en el sector del Estado. Desde esta consideración, por tanto, no cabe entender que el art. 33 no distingue entre funcionarios de carrera de una u otra de las Administraciones Públicas” (FJ 5º, párrafo 2º).*

*En segundo lugar, y siempre según la doctrina jurisprudencial del Tribunal Supremo que estamos considerando, el art. 33.2 de la Ley 3/1990, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 1991, no es un precepto básico en lo que hace al complemento de destino que establece. En*

efecto, la citada STS de 24 de septiembre de 1994 es clara cuando afirma que “de los arts. 23 y 24, comprendidos en el 1.3 de la Ley 30/1984, no se desprende que la cuantía del complemento de destino sea aplicable al personal de todas las Administraciones Públicas como norma básica”. Cuestión muy diferente es el carácter básico del grado personal del art. 21 de la Ley 30/1984, así como su garantía, de modo que el referido art. 21.1, d) establece que “el grado personal se adquiere por el desempeño de uno o más puestos de nivel correspondiente durante dos años continuados o tres con interrupción; “lo que resulta concordante –continúa el Tribunal Supremo- con la regulación del art. 33.2 de la Ley de Presupuestos para 1992”.

Resulta obvio que a carencia do carácter básico do cal adolece o dito precepto estatal produce ex lege a inaplicabilidade ao persoal ó servizo da Administración Local; adicionalmente, tampouco resultaría legalmente aplicable o disposto no Decreto autonómico 1/2008, do 13 de marzo, dado que non constitúe materia obxecto de competencia autonómica o réxime de retribucións do persoal ao servizo das entidades locais nin o establecemento de obrigas financeiras con cargo ás facendas municipais en tal materia –senón en todo caso, e como recoñece o propio artigo 3.2 da mesma norma, terá carácter supletorio no non reservado á lexislación do Estado-.

IV.- Os intervalos de nivel de complementos de destino normativamente asignados a cada grupo contéñense no artigo 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, supletoriamente aplicable ao persoal ó servizo da Administración Local e plenamente vixente en tanto non se opoña ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, namentres non se desenvolva normativamente o novo réxime retributivo dos empregados públicos deseñado pola Lei; artigo que establece que:

“ 1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo que corresponden a cada Cuerpo o Escala, de acuerdo con el Grupo en el que figuren clasificados, son los siguientes:

<u>Cuerpos o Escalas</u>	<u>Nivel mínimo</u>	<u>Nivel máximo</u>
Grupo A (A1)	20	30
Grupo B (A2)	16	26
Grupo C (C1)	11	22
Grupo D (C2)	9	18
Grupo E (transitorio E)	7	14

2. En ningún caso los funcionarios podrán obtener puestos de trabajo no incluidos en los niveles del intervalo correspondiente al Grupo en el que figure clasificado su Cuerpo o Escala.”

Complementariamente, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, preceptúa no seu artigo 3 en canto ao complemento de destino que:

“1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración Local serán los que en cada momento se establezcan para los funcionarios de la Administración del Estado.

2. Dentro de los límites máximo y mínimo señalados, el Pleno de la Corporación asignará nivel a cada puesto de trabajo atendiendo a criterios de especialización, responsabilidad, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto.

3. En ningún caso los funcionarios de Administración Local podrán obtener puestos de trabajo no incluidos en los niveles del intervalo correspondiente al grupo de titulación en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría.

4. Los complementos de destino asignados por la Corporación deberán figurar en el presupuesto anual de la misma con la cuantía que establezca la Ley de Presupuestos Generales del Estado para cada nivel.

5. Los funcionarios sólo podrán consolidar grados incluidos en el intervalo correspondiente al grupo en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría, de conformidad con lo establecido en el artículo 21 de la Ley de Medidas para la reforma de la Función Pública, y de acuerdo con lo establecido en el presente Real Decreto.”

Considerando o disposto no artigo 20 vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” en canto ao réxime retributivo dos empregados municipais, e en xusta coherencia co anteriormente exposto, procede efectuar o recoñecemento do nivel de complemento de destino 26, máximo previsto para o grupo de titulación A2, no cal se encadra a praza -e posto de traballo asociado- ocupados pola solicitante.

V-. Vistas as competencias que en canto á xestión do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo ostenta a Xunta de Goberno Local, recollidas no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previa a preceptiva fiscalización da mesma pola Intervención Xeral nos termos do preceptuado nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, sométese ao debate do dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Recoñecer a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosefa Porteiro García, con nº de persoal 76562, técnica de Relacións Públicas do Concello, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 26 (máximo dentro do subgrupo de titulación A2) motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto superior en dous niveis ao grao inicial (25), ostentando no Goberno Autonómico galego (Deputada electa entre 1989 a 1993; deputada no Congreso entre os anos 2004 a 2007; Concelleira da Corporación Municipal de Vigo; Delegada da Xunta de Galicia en Bos Aires ata o ano 2009) nos termos do disposto no Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional e Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, Acordo regulador das Condicións económicas e Sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e documentación incorporada ao seu expediente persoal.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Xefatura da Área de Rñexime Interior, Intervención Xeral, Tesourería Municipal e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) para coñecemento e efectos.

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(917) PROPOSTA DE RESCISIÓN DO CONTRATO DE “ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 105/440.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudo.

### **29(918) PROPOSTA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA BEIRRARRÚA DA RÚA AREAL. EXPTE. 104/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 17.06.09, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 3 de marzo de 2008, acordou entre outros a adxudicación do Expte. 51.287/250 “Mellora do Abastecemento da Rúa Areal” á empresa Xestión Ambiental de Contratas por importe de 213.394 Euros, cun prazo de garantía de 48 meses e un prazo de execución de 2 meses.*

*Casi rematada a obra, pendente unicamente da reposición do pavimento da beirarrúa, recíbense instrucións da Alcaldía de substituír o pavimento da beirarrúa previsto en formigón por losetas de granito; quedando pendente tal decisión ata a data actual por falta de partida orzamentaria que financiasse o incremento económico.*

*Debido ao mal estado actual da beirarrúa estanse a producir contínuos accidentes por caídas de persoas, coas conseguintes reclamacións patrimoniais ao Concello.*

*Por tal motivo faise necesario proceder de inmediato ao remate da beirarrúa; e dado que según instrucións da Alcaldía o seu remate debe ser en loseta de granito, con plantación de novo arborado; precísase da redacción dun proxecto de Humanización da citada beirarrúa, por un importe de 623.000 Euros cuxa memoria e planos se achega.*

*Según o anteriormente indicado faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Solicitar a redacción do proxecto de humanización da beirarrúa da Rúa Areal do lado dos edificios, incluíndo o pavimento en losetas de granito e a plantación de novo arborado, cun orzamento de execución por contrata de 623.000 Euros.*

*2º.- Solicitar a Intervención de Fondos unha partida orzamentaria para financiar tanto a redacción do proxecto como a execución das obras por un importe total de 628.046,65 Euros.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **30(919) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” PARA MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS. EXPTE. 3798/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.04.09, o informe de fiscalización do 19.06.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 24.06.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2009.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 15.000,00€ (quinze mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras” 463.2.489.00.04 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil nove

#### **REUNIDAS**

*Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.*

*Doutra, dona Mª Esther Corralo Domonte, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na r/ Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 3798-224.*



*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### **MANIFESTAN**

*I.- Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.*

*Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:*

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e proponendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

*II.- Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008 na partida 4632.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención,*

*cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2009.*

*V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e/ou certificacións que figuran no expediente núm. 3798-224. Anexo III*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2009, segundo o programa que se incorpora ao convenio como anexo I.*

*As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.*

*Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.*

*Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:*

*1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirten en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

*A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.*

*A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*A terceira por importe de 5.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.*

*A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:*

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

*Actuará como secretario/a da comisión un dos vogais designado por ésa.*

*Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2009. Anexo II. Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.”*

**31(920) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CLICKAIR S.A. PARA PROMOCIÓN DA CIDADE DE VIGO E DA LÍNEA AÉREA VIGO-LONDRES. EXPTE. 800/107.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.06.09, o informe de fiscalización, do 23.06.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, de 18.06.09, conformado polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto que de 325.960,00 €, dos que 281.000,00 €, corresponden ao prezo do contrato e 44.960,00 € ao IVE, como achega económica municipal para o contrato de patrocinio publicitario entre o Concello de Vigo e a compañía aérea Clickair, S.A., a virtude do cal esta compañía aérea a cambio dunha axuda económica por parte do Concello para a consolidación da ruta aérea Vigo-Londres, colaborará na promoción, difusión e publicidade da oferta cultural, turística, feiral, comercial, empresarial e deportiva da cidade tanto a través da súa actividade de transporte aéreo de viaxeiros, como por medio das canles de comunicación que a compañía mantén cos seus viaxeiros e eventuais usuarios.

2º.- Aproba-lo expediente para a contratación do devandito patrocinio publicitario polo procedemento negociado sen publicidade e o texto do contrato proposto, e adxudicar provisoriamente este a compañía aérea Clickair, S.A., quen, no prazo de quince días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, deberá acreditar ante esta Administración municipal estar ó día no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias e a constitución de garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

**32(921) CONTRATO DE ACTUACIÓN MUSICAL DE KEANE NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS O DÍA 17 DE XULLO (FESTAS DE VERÁN 2009). EXPTE. 3172/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC acreditando a existencia de crédito para o gasto que se propón, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 19.06.09, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*A Concellería de Animación sociocultural está a xestionar o programa de actividades e espectáculos que se celebrarán na nosa cidade nos meses de xullo e agosto, dentro das Festas de Verán 2009.*

O concelleiro de Animación sociocultural resolveu con data 1 de xuño que se iniciase o expediente necesario para a contratación do concerto de KEANE, dentro do programa de concertos das Festas de Verán, segundo a proposta presentada pola empresa SWEET NOCTURNA, por un importe de 116.000,00 (cento dezaseis mil) euros, IVE incluído. Inclúese no expediente documentación referente a esta empresa, así como escrito de exclusividade do concerto. Este concerto celebrarase no auditorio de Castrelos o día 17 de xullo ás 23:00 horas, e poranse á venda 4.000 entradas a un prezo de 10 euros en venda anticipada e de 12 euros en taquilla.

O proxecto de contrato que se achega no expediente segue as pautas establecidas no expediente 2647/335 de “proxecto de modelo de contrato para a contratación de actividades e espectáculos das festas de verán”, aprobado pola Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria de 2 de xuño de 2008.

Esta contratación artística atópase entre os supostos de contratos privados recollidos no artigo 20.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos privados do sector público.

Ó abeiro do artigo 154.d da Lei 30/2007, o procedemento de adxudicación que se levará a cabo para a contratación desta actuación será o negociado, contemplado na devandita lei para os supostos nos que por razóns artísticas o contrato só se poida encomendar a un empresario determinado.

Á vista do exposto, previo o informe da Intervención de fondos e coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### PROPOSTA.

“1º.- Que se aprrobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de KEANE, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2009, o día 17 de xullo ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 116.000,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a Dna. RAQUEL SEIJO ENRÍQUEZ (SWEET NOCTURNA).

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Que se aprrobe os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 4.000 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**33(922) ASISTENCIA DE IAGO SOLLEIRO SANZ A UN CURSO DE TÉCNICAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE POMPEU FABRA DE BARCELONA. EXPTE. 5790/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables RC acreditando a existencia de crédito para o gasto que se propón e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 17.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a asistencia de Iago Solleiro Sanz a un curso de Técnicas de información e comunicación da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona que se desenvolverá entre os días 29 de xuño e 11 de xullo.

2.- Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de 2850,80 EUROS para GASTOS DESPRAZAMENTO, MATRICULA CURSO, ALOXAMENTO E DIETAS PARA ASISTENCIA A CURSO.

3.- Líbrese a xustificar a prol de AVELINO SAN LUIS COSTAS (35946375-C), con cargo á partida 111.1.162.00.00 FORMACION DO PERSOAL (810€); 111.0.231.00.00 LOCOMOCION (356,88€); 111.0.230.00.00 DIETAS ALCALDIA E PERSOAL STAFF(1683,92€).”

**34(923) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.